

Acordo da Mesa da Deputación Permanente, do 12 de setembro de 2016, polo que se modifica o prego de prescrición técnicas da contratación administrativa dos servizos de telefonía e acceso a Internet e a subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia

No prego de prescrición técnicas da contratación administrativa dos servizos de telefonía e acceso a Internet e a subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 690, do 12 de agosto de 2016 e corrección de erros no BOPG núm. 693, do 31 de agosto de 2016), incluíuse na prescrición 3.3.1 (parágrafo [45]) unha característica técnica das controladoras (saída VGA) útil por facilitar a conexión física dun monitor coa controladora e para axilizar as tarefas de administración que, no entanto, comprobouse que non todos os fabricantes de solucións wifi inclúen nos seus produtos, circunstancia que pode provocar unha limitación na concorrencia.

Segundo os correspondentes informes técnicos, a dita característica non é esencial para determinar cal é tecnicamente a mellor oferta, polo que se considera prioritario remover os obstáculos que innecesariamente limiten o acceso á contratación e garantir a máxima concorrencia posible, conforme os principios inspiradores da contratación administrativa.

En consecuencia, a Mesa da Deputación Permanente adopta o seguinte acordo:

Modificar o prego de prescricións técnicas da contratación administrativa dos servizos de telefonía e acceso a Internet e a subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia coa eliminación na prescrición 3.3.1 (parágrafo [45], páxina 157615 do BOPG nº 690, do 12 de agosto de 2016) o requisito de que as controladoras dispoñan de «saída VGA», quedando redactada do seguinte modo:

3.3.1.CONTROLADORAS

[45] As controladoras instalaranse no CPD do PG cunha configuración en alta dispoñibilidade e deberán ter as seguintes características hardware mínimas:

- Espazo ocupado: 1U.
- Fonte de alimentación redundante.
- Throughput: 20 Gbps.
- Número de APs soportados: ata 1500.
- Densidade de clientes: ata 20000 clientes.
- 2 portos USB 3.0.
- 2 portos Ethernet 10/100/1000.
- 2 portos SFP+
- Porto serie de xestión.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1ª